Phyllostachys flexuosa Rivière & C.Rivière, 1878

- bambú
- bambú
- banbu
- bambú
- bamboo
- bambu



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Liliopsida**	**Poales**	**Poaceae**	***Phyllostachys***

ORIXE

Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta arbustiva. Presenta un sistema de rizomas longos e invasivos que lle confiren alta capacidade de expansión lateral. Talo leñoso e oco, con entrenós ben marcados. É de cor verde brillante, ás veces amarela ao envellecer. Crece flexuosa ou en zigzag e pode medrar entre 3-6 m de altura. Follas lanceoladas, estreitas e alongadas, dispostas en ramificacións laterais. Son de cor verde intensa. A floración é rara e irregular (cada varias décadas). Cando medran, son pouco vistosas. Froito tipo cariopse.

HÁBITAT

No seu lugar de orixe medran en bosques claros e ladeiras húmidas. Fóra da súa área de orixe aparecen maioritariamente en xardíns e parques. Prefire solos frescos, profundos e ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Especie nativa da China. Amplamente cultivada en Europa e América do Norte.

CURIOSIDADES

O seu uso maioritario é como especie ornamental, porén, en Asia, emprégase como material de construción, artesanía e mesmo en alimentación.